

ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ, Secretario del Excmo. Concello de Arzúa, do que é Alcalde-Presidente D. Xoan Xesús Carril Ramos,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 14.08.2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O ANO 2025. EXPEDIENTE: 2025/A002/000009.

Visto o informe-proposta de convocatoria e aprobación das bases reguladoras das axudas de apoio ao estudo para o ano 2025, asinado en data 13.08.2025 pola educadora familiar dos servizos sociais comunitarios e o concelleiro delegado responsable de benestar social, co seguinte contido:

**“INFORME – PROPOSTA ACERCA DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO AO
ESTUDO PARA O ANO 2025**

Nazaret Suárez Louzao, educadora familiar dos servizos sociais comunitarios do concello de Arzúa, ante a necesidade de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización e baseándose na seguinte lexislación

- A Constitución Española, no seu artigo 39, establece o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

- artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o cal establece que “as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se atopen en situacións desfavorables e proverán de recursos económicos e os apoios precisos para iso”;

- artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece que o municipio pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade, coa finalidade de exercer así as competencias que lle son propias, entre as que se atopan, segundo ese mesmo artigo recolle, a avaliación e información

de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, seguindo o seu artigo 11, é función dos servizos sociais comunitarios básicos o estudo e diagnóstico social da comunidade, das súas necesidades e demandas, identificando así grupos de poboación vulnerables e detectando de xeito precoz situacións de risco, desenvolvendo actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; es especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinadas á atención das familias.

Considera imprescindible a posta en marcha de accións que dende o ámbito público poidan contribuír a paliar as dificultades e promover o benestar social, contribuíndo a paliar as diferenzas sociais, os riscos de exclusión social, favorecendo e garantindo a integración dos nenos e nenas no sistema educativo

Polo que se

PROPÓN a convocatoria de axudas de apoio ao estudo para o ano 2025, regulándose as mesmas a través das seguintes bases

***BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA
O ANO 2025***

ARTIGO 1. - DISPOSICIÓNS XERAIS

A lexislación aplicable ás presentes bases xerais é a seguinte:

- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa, publicada no BOP nº95 do 28 de abril de 2005.

- Lei 38/2003, de 28 de novembro, Xeral de Subvencións

- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.

ARTIGO 2.- OBXECTO E FINALIDADE

É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento para a concesión de axudas destinadas a facilitar o acceso ao material escolar das familias empadroadas no concello de Arzúa e integradas por alumnado matriculado durante o curso escolar 2025/2026 en centros escolares do municipio nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, de acordo todo elo cos principios de obxectividade, publicidade, transparencia, libre concorrência, igualdade e non discriminación.

A finalidade destas axudas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas presenten maiores dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas, promovendo así accións que contribúan ao benestar social, paliando as diferenzas sociais e os riscos de exclusión social e favorecendo a integración dos nenos e nenas no sistema educativo.

ARTIGO 3.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A concesión destas axudas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 23148003 do orzamento do Concello de Arzúa para o exercicio 2025, por un importe de 10.000€, contándose con financiamento da Deputación Provincial a través da liña adicional de gasto extraordinario do POS + 2025.

No caso de que, finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non fosen suficientes as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos coa finalidade de dar cobertura ao maior número posible delas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. De non ser posible a ampliación de crédito, procederase a realizar unha división entre as persoas solicitantes, atendendo a un sistema de baremación segundo os criterios establecidos.

ARTIGO 4.- GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas concedidas terán como destino a adquisición de material escolar e complementario que sexa necesario como consecuencia da escolarización nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Considérase material escolar:

- Material escolar funxible: cadernos, folios, cores, lapis, bolígrafos, carpetas, tinta de impresora...

- *Material complementario: compás, regras, estoxo, mochilas, libros de lectura, pendrive...*
- *Material deportivo: chándal, tenis, camisetas, calcetíns...*
- *Roupa de abrigo e calzado*

ARTIGO 5.- CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas será de 120 euros para cada alumno ou alumna.

ARTIGO 6.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as presentes axudas as persoas físicas pai, nai, titor/a, familia acolledora ou calquera outro que ostente a patria potestade ou tutela de un/unha ou varios menores escolarizados na etapa de educación infantil, primaria ou educación secundaria obrigatoria durante o curso escolar 2025/2026 e que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

6.1.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- *A persoa solicitante da axuda (pai, nai, titor/a) debe estar empadroada e residir de forma efectiva no Concello de Arzúa e convivir cos menores para os que se solicita a axuda.*
- *Os menores polos que se solicita a axuda deben atoparse escolarizados nos niveis de educación infantil, primaria ou educación secundaria obrigatoria nalgún dos centros educativos do municipio de Arzúa no curso escolar 2025/2026.*
- *A unidade de convivencia non pode superar o límite de ingresos económicos anuais que establece o baremo económico do artigo 7.*
- *A unidade de convivencia debe estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Arzúa e coa Seguridade Social.*
- *A unidade de convivencia non poderá incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

6.2. - OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Arzúa:

- *Cumprir coa finalidade para a que foi concedida a axuda, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados no artigo 3.*
- *Acreditar o cumprimento da finalidade da axuda, coa presentación das facturas correspondentes (orixinais ou copias compulsadas) dos gastos realizados para material escolar dentro do prazo establecido para dito fin. As facturas deben estar expedidas a nome do persoa solicitante da axuda ou dos menores para as cales se solicita e os conceptos*

deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables detallados no artigo 3.

- *Someterse ás actuacións de comprobación que o Concello de Arzúa poida acordar para comprobar que os fins aos que se destina a axuda se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a mesma e para comprobar se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da axuda.*
- *Someterse ás actuacións de control financeiro que corresponda á intervención municipal ou aos órganos da Deputación Provincial nos que se delegan as ditas funcións.*
- *Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións. De acordo co previsto no artigo 14.1.k da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- *A persoa beneficiaria e os demais membros computables da unidade familiar autorizarán, de xeito expreso, ó Concello de Arzúa para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), do Concello de Arzúa e da Seguridade Social, de xeito telemático, os datos necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. E a acreditación de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa facenda autonómica. A acreditación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Concello de Arzúa efectuarase de oficio polo Concello.*
- *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*
- *Autorizar ao Concello de Arzúa á recollida e tratamento de datos de carácter persoal dos membros da unidade familiar ou de convivencia, coa única finalidade empregalos para as xestións, procedementos e consultas derivadas da presentación desta solicitude e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das axudas.*
- *Comunicar ao departamento de servizos sociais comunitarios calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento da axuda.*

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver cos suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

ARTIGO 7.- CRITERIOS DE CONCESIÓN**7.1. - BAREMO ECONÓMICO**

O criterio de valoración será que a unidade de convivencia da persoa solicitante non supere o límite de ingresos económicos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente para o ano 2025 en función do número de membros da unidade de convivencia. O IPREM vixente para o ano 2025 é de 600,00€/mes, o que supón unha anualidade de 7.200,00€/ano (12 pagas).

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	INTERVALOS IPREM	CAPACIDADE ECONÓMICA ANUAL (€)
2	Menor ou igual que o 1,8 do IPREM	Menor ou igual de 12.960,00€
3	Menor ou igual que o 2,3 do IPREM	Menor ou igual de 16.560,00€
4	Menor ou igual que o 2,8 do IPREM	Menor ou igual de 20.160,00€
5	Menor ou igual que o 3,3 do IPREM	Menor ou igual de 23.760,00€
6	Menor ou igual que o 3,8 do IPREM	Menor ou igual de 27.360,00€
7	Menor ou igual que o 4,3 do IPREM	Menor ou igual de 30.960,00€

Para os efectos de determinar os ingresos económicos anuais da unidade de convivencia terase en conta a declaración da renda do derradeiro exercicio fiscal pechado que estea á disposición para poder realizar a consulta de datos. En dita consulta teranse en consideración as cancelas correspondentes á base impositible xeral mais a base impositible de aforro da declaración consultada.

No caso de que non exista obriga de presentar a declaración da renda teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria a través do correspondente certificado de renda. Neste suposto teranse en conta os datos económicos aportados que garantas as mesmas condicións que para aqueles nos que se consultou a declaración da renda.

7.2. - MEMBROS COMPUTABLES

A efectos destas axudas, considéranse membros da unidade familiar os que figuren empadroados no mesmo domicilio que o alumno ou alumna e garden con el as seguintes relacións de parentesco:

- Pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do ou da menor.
- Irmáns ou irmás do alumno ou alumna menores de idade que convivan no domicilio

- familiar. Terán a mesma consideración que os fillos ou fillas as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Irmáns ou irmás maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Irmáns ou irmás maiores de idade que dependan economicamente dos proxenitores e que convivan no domicilio familiar. Terán esta consideración sempre que non tivesen contrato de traballo ou perciban recursos (excepto bolsas, becas, axudas...) durante o período de tempo establecido para o cómputo de ingresos.
 - No caso de separación, divorcio ou situación análoga, terá a consideración de membro computable da unidade familiar unicamente o proxenitor que figure empadroado no mesmo domicilio. Será este polo tanto o que deba solicitar a axuda.
 - Terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai sempre que figure empadroado no mesmo domicilio.
 - Terán consideración de irmáns ou irmás do alumno ou alumna aqueles aportados á unidade familiar polo outro membro da parella, sempre que figuren empadroados no domicilio.
 - No caso de Dependencia e/ou Discapacidade superior ó 33 % recoñecida de algún dos membros da unidade familiar, este computará como dous.
 - No caso de que algún membro da unidade familiar sexa vítima de violencia de xénero computará como 2 membros da unidade familiar. Esta condición acreditarase mediante certificación da orde de protección, da medida cautelar ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - Nos casos de violencia de xénero non terá a condición de membro computable o agresor. Quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.
 - No caso de tratarse dunha familia monoparental o ou a proxenitora computará como 2 membros da unidade familiar. Enténdese por familia monoparental os seguintes supostos: persoas que afrontan a maternidade ou paternidade en solitario, familias formadas por un cónxuxe viúvo e os seus fillos e fillas ou as familias nas que un proxenitor queda a cargo dos fillos ou fillas sen que haxa custodia compartida. Deberase acreditar esta situación a través de Certificado de Familia Monoparental expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Os ingresos de todos os anteditos membros teranse en conta para determinar a situación económica da unidade de convivencia.

ARTIGO 8.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formalizaranse segundo os modelos normalizados que se acompañan nas presentes bases (**ANEXOS**) e que estarán a disposición das persoas interesadas no departamento de servizos sociais comunitarios e mostrador de atención ó público e rexistro da casa do concello. Deberá estar subscrita pola persoa interesada (pai, nai, titor/a legal). A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA TODAS AS PERSOAS SOLICITANTES	
- Impreso de solicitude cuberto e asinado pola persoa solicitante (ANEXO I)	
- DNI/NIE/Pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar	
- Libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa ou documentación acreditativa nos casos de adopción ou acollemento	
- Matrícula ou xustificante escolar de atoparse matriculado para o curso 2025/2026 nos niveis de educación infantil, primaria ou secundaria obrigatoria nalgún dos centros educativos do municipio de Arzúa	
- Declaración da renda do último ano fiscal dispoñible de todos os membros computables ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria de todos os membros computables ou autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais asinada por todos os membros computables (ANEXO II)	
- Certificación bancaria do número de conta con IBAN, constando como titular/cotitular desta o solicitante da bolsa	
DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SERÁ RECADADA DE OFICIO POLO ÓRGANO XESTOR	
- Certificado de empadramento/convivencia	
DOCUMENTACIÓN DE ENTREGA VOLUNTARIA PARA OBTENIR OS BENEFICIOS DE APLICACIÓN DO BAREMO	
A presentación desta documentación non será obrigatoria, pero será necesaria para acceder ós beneficios para a valoración da situación sociofamiliar e aplicación do baremo. A falta de presentación dalgún dos documentos dentro do prazo de solicitude ou emenda suporá a non valoración.	
- Situación de violencia de xénero	- Certificación da orde de protección - Certificación da medida cautelar - Calquera outro previsto no artigo 5 da Lei

	11/2007
- Familia monoparental	- Certificado emitido pola consellería de Política Social
- Discapacidade e/ou dependencia	- Certificado emitido polo organismo oficial correspondente

ARTIGO 9.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e documentación requirida presentárase preferiblemente a través da sede electrónica do Concello de Arzúa <https://concellodearzua.com//opencms/es/procedimientosytramites/tramites/solicitudsubvenciones> ou, opcionalmente no Rexistro Xeral da Casa do Concello de Arzúa ou por calquera das vías establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará 10 días despois.

ARTIGO 10. - PROCEDEMENTO**10.1. - INSTRUCCIÓN**

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse dita proposta de resolución, será a educadora familiar do departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Arzúa, quen recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa.

Aos efectos previstos no artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións, o órgano instrutor emitirá un informe no que se faga constar que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren ou non os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndoselle un prazo de 5 días hábiles para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Este requirimento realizarase a través de notificación colectiva, con publicación de anuncio no taboleiro de anuncios, ao igual que os demais trámites do procedemento. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

Se entre o prazo de presentación de solicitudes e o prazo en que se efectúa o requirimento, o/a interesado/a tivese presentado a documentación que se lle require, deberá dar resposta ó

requirimento informando deste feito.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

10.2.- COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN

A Comisión Técnica de Valoración estará constituída polo concelleiro de Benestar Social, un representante do Concello nomeado por este concelleiro e a educadora familiar do departamento de servizos sociais comunitarios do concello. Dita comisión emitirá informe concretando o resultado da avaliación das solicitudes, motivando o resultado final da valoración en base á aplicación dos criterios establecidos nestas bases.

10.3.- RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, logo da proposta da Comisión técnica de valoración e previo informe da intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de anuncios do concello e na web municipal facendo efecto de notificación colectiva a publicación en dito taboleiro da sede electrónica municipal, seguindo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ou acordo de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido e a desestimación do resto de solicitudes indicando o motivo da mesma. Contra a desestimación expresa poderá formularse os recursos que procedan.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das axudas, deberá ser posta en coñecemento do Concello, e poderá dar lugar á modificación da resolución.

ARTIGO 11.- XUSTIFICACIÓN

11.1 - PRAZO

Unha vez se lle notifique a concesión da axuda a través de notificación – publicación en taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e páxina web do concello, as persoas beneficiarias deben presentar a xustificación e acreditación do gasto realizado para que se proceda ao pagamento da mesma.

O prazo de presentación dos documentos xustificativos comezará o día seguinte de que se notifique a concesión (notificación – publicación en taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e páxina web do concello) e rematará improrrogablemente 10 días despois.

11.2. - DOCUMENTACIÓN

Para levar a cabo a xustificación da axuda, as persoas beneficiarias que figuren como concedidas na resolución definitiva deberán entregar a seguinte documentación:

- Impreso de xustificación (ANEXO III)*
- Facturas dos gastos por adquisición dos conceptos subvencionables ou demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.*
 - Deberá constar o concepto de cada artigo e o seu prezo, non se admitirán conceptos xerais ou sen posibilidade de comprobación.*
 - Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados a partires de agosto de 2025 e ata o derradeiro día do prazo de xustificación que se estableza, sendo sempre esta data correspondente ao ano natural 2025*

ARTIGO 12.- PAGAMENTO

Á vista da documentación presentada durante o prazo de xustificación, o órgano instructor emitirá un informe no que se poñerá de manifesto, no seu caso, que da documentación que obra no seu poder despréndese que se produciu o cumprimento das actividades subvencionadas. Se a documentación xustificativa se estima correcta procederase ao pago.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios e a ordenación do pago da subvención corresponde ao Alcalde logo do informe de intervención.

O aboamento da subvención farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

Os documentos xustificativos corresponderase con gastos feitos durante o ano natural 2025, dende agosto 2025 ata o límite da data de finalización do período de xustificación.

Nos supostos de non xustificar adecuadamente un gasto igual ou superior ao importe concedido, a axuda reducirase ao importe de gasto xustificado adecuadamente. Procederá a abonarse de forma provisional o dito importe, procedendo a notificarlle individualmente a dita circunstancia aos efectos de dar un trámite de audiencia ao dito beneficiario, no que poida presentar as alegacións que considere oportunas, previamente a resolución que de adopte.

ARTIGO 13.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As axudas concedidas a través desta convocatoria serán compatibles con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total correspondente.

ARTIGO 14.- INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS POR PARTE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Se os/as beneficiarios/as das axudas, non cumprisen coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as de subvencións .

Os beneficiarios quedan sometidos á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións. O beneficiario está obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello de Arzúa e polo Consello de contas de Galicia, someténdose á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións e no seu caso ao disposto no vixente código penal.

ARTIGO 15-INFORMACIÓN RELATIVA AO TRATAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O presente artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas. En virtude diso infórmase:

(a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Arzúa

(b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación co procedemento de convocatoria de axudas de apoio ao estudo tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:

i. Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución.

ii. Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obriga legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo coas normas do

procedemento.

b) Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

(c) Os datos poderán ser comunicados ao ministerio de facenda e das administracións públicas, intervención xeral da administración do estado, axencia estatal de administración tributaria, tesourería xeral da seguridade social, servizo público de emprego estatal, entidades bancarias, no caso de axudas familiares os datos cederanse aos centros escolares do municipio, base de datos nacional de subvencións. Así mesmo, publicaranse a relación de persoas beneficiarias no portal de transparencia, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web nos termos que marca a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Non se publicarán os datos de aspirantes que se atopen nunha especial situación de vulnerabilidade, así como aquela información que puidese revelar categorías especiais de datos.

(d) O responsable do tratamento poderá obter aqueles documentos para achegar no procedemento que se achen en poder doutras administracións públicas, salvo que vostede opóñase no apartado “documentación a achegar”.

(e) Así mesmo, aquela información persoal declarada pola persoa interesada e que obre en poder das Administracións Públicas, o responsable poderá efectuar no exercicio das súas competencias as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.

(f) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Arzúa con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 – Arzúa. A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos

Pérez (ramon@nossoluciones.es) .Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

ARTIGO 17.- PUBLICIDADE

O concello de Arzúa dará publicidade da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

ARTIGO 18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA DE APOIO Ó ESTUDO (MATERIAL ESCOLAR)

Don/a.....
con documento de identidade, enderezo a efectos de notificación
en..... teléfono de
contacto e enderezo
electrónico

SOLICITA axuda para material escolar para os seguintes fillos/as:

Nome e apelidos	Data de nacemento	Curso	Centro educativo

OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (nai/s, pai/s, irmán/s)

Nome e apelidos	Parentesco

Marque o cadro correspondente no caso de atoparse en algún dos seguintes casos:

☐	- Membro con discapacidade e/ou dependencia
☐	- Víctima de violencia de xénero
☐	- Familia monoparental

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que ☐ SI ☐ NON (marque o que proceda) está ao corrente no cumprimento das obrigas a efectos do previsto no artigo 13 da "Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións", sobre a declaración de non estar en ningún dos supostos de prohibición para ser beneficiario de axudas públicas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (marque a que corresponda)

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA TODAS AS SOLICITUDES	
☐	- DNI, NIE, pasaporte de todos os membros computables da unidade familiar
☐	- Libro de familia ou documento oficial que o substitúa
☐	- Matrícula escolar curso 2025/2026
☐	- Declaración da renda
☐	- Certificado datos fiscais AEAT
☐	- Autorización para acceder aos datos fiscais
☐	- Certificación bancaria do número de conta
DOCUMENTACIÓN DE ENTREGA VOLUNTARIA	
☐	- Certificado discapacidade e/ou dependencia
☐	- Certificación vítima de violencia de xénero
☐	- Certificado de familia monoparental

☐ **Non** autorizo a consulta de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social

En Arzúa, adede.....

Asinado

PROTECCIÓN DE DATOS – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ARZÚA, con dirección RÚA DE SANTIAGO Nº2, 15810 – ARZÚA (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE ARZÚA POIDA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIAE DA FACENDA AUTONÓMICA

A/s persoa/s abaixo asinantes autoriza/n ao **CONCELLO DE ARZÚA** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da facenda autonómica os datos relativos

- ☒ Nivel de renta
☒ Estar ao corrente das obrigas tributarias

para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos no seguinte

PROCEDIMENTO - CONVOCATORIA 2025 DE AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DOS INTERESADOS(cubrir cos datos de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade)

NIF	Apelidos e nome	Sinatura

En, a.....de.....de.....

PROTECCIÓN DE DATOS – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ARZÚA, con dirección

RÚA DE SANTIAGO Nº2, 15810 – ARZÚA (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Artigo 2.4 da ORDE de 18 de novembro de 1999 pola que se regula o subministro de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei Xeral Tributaria.

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS PARA APOIO AO ESTUDO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Don/a.....con DNIe enderezo
en.....(Arzúa), teléfono..... e número de conta
.....

Previa notificación da concesión da axuda solicitada, presento os documentos xustificativos do gasto realizado:

- ✓ Facturas relativas ao gasto realizado en base á axuda para material escolar.
- ✓ Cadro cuberto onde se reflexen os documentos presentados

Nome do establecemento	Data da compra	Importe total

Arzúa, a de de

Asinado

PROTECCIÓN DE DATOS - De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ARZÚA, con dirección RÚA DE SANTIAGO Nº2, 15810- ARZÚA (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. “

Visto o informe xurídico evacuado polo Secretario Municipal en data 13.08.2025, no que informa favorablemente das presentes bases, considerando que cumpren cos requisitos que determina a lexislación en materia de subvencións en canto a publicidade, procedemento, resolución, xustificación e pago das axudas.

Visto o informe de fiscalización evacuado polo Interventor Municipal en data 13.08.2025, no que deixa constancia da existencia de crédito e de que o proposto é o adecuado á natureza de gasto ou obrigación que se propoña contraer, así como de que a actuación pretendida se enmarca nunha materia competencia propia do concello de Arzúa, informando polo tanto favorablemente a posibilidade de continuar coa tramitación do expediente, aínda que advirte da necesidade de aprobar un plan estratéxico de subvencións para dar cumprimento á obriga que deriva do artigo 8 da LXS, así como da carencia de persoal de apoio técnico e administrativo á Intervención e do gran volume de traballo acumulado no departamento o que dificulta en gran medida o desenvolvemento eficaz da función de control interno.

Acórdase elevar a dita proposta á Xunta de Goberno Local, e en consecuencia,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria das ditas axudas, así como as bases reguladoras das mesmas, e aprobar o gasto que deriva das mesmas, sendo este de 10.000€ imputables á aplicación orzamentaria 231 480 03 do orzamento 2025. Operación “RC” nº 22025003079, deixando constancia da financiación do dito gasto coa liña de axuda concedida pola Deputación Provincial.

SEGUNDO: Cumprindo o establecido nos artigos 17.3 c) e 20.8 da Lei Xeral de subvencións que estas bases sexan publicadas no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como publicar a convocatoria en extracto por conducto da Base de datos nacional de subvencións a través de envío da información necesaria contida no artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións.

E para que conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente Don Xoan Xesús Carril Ramos, no lugar e data que consta ao marxe.

Vº e Praxe Alcalde-Presidente Xoan Xesús Carril Ramos.	O Secretario Alfonso Manuel Alcalá Pérez.
--	--